

Guía sobre o acceso ao 1º curso do Grao Elemental

1. Información xeral.....	2
2. Proba de acceso.....	2
2.1 Ponderación da proba.....	3
2.2 Superación da proba e obtención de praza.....	3

1. Información xeral¹

Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso.

Os alumnos/as de 4º de iniciación matriculados na Escola de Música, realizarán ao longo do curso unhas probas cos instrumentos das especialidades que se imparten no centro, co único obxectivo de que o coñezan de primeira man. No mes de xuño realizarán a inscrición para a proba de aptitude (xunto cos demais aspirantes que non estiveran matriculados).

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

2. Proba de acceso

Contidos	Descrición	Criterios de avaliación
Aptitude rítmica	O aspirante deberá repetir un ou varios fragmentos rítmicos realizados con palmas polo profesor/a.	<ul style="list-style-type: none">- Mostrar capacidade de concentración.- Memoria auditiva.- Exactitude na repetición rítmica.
Aptitude auditiva e vocal	O profesorado entoará un ou varios pequenos fragmentos melódicos que o aspirante deberá repetir.	<ul style="list-style-type: none">- Memoria auditiva- Exactitude na afinación.- Corrección na repetición melódica.
Aptitude psicomotriz	Avaliaranse as aptitudes psicomotrices a partir da escoita e visualización de fragmentos de percusións corporais que o/a aspirante deberá repetir.	<ul style="list-style-type: none">- Memoria visual e psicomotriz.- Coordinación espazo-temporal.- Imitación psicomotriz.- Coordinación psicomotriz.

Ningún dos exercicios ten carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados como o conxunto da proba globalmente.

A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante una puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

2.1 Ponderación da proba

A proba valorarase sobre 100 puntos, ao que se lle sumará a seguinte puntuación en función da idade do candidato/a (anos cumpridos no presente ano natural).

Idade	8	9	10	11	12	13	14
Puntuación	20	15	10	5	3	1	0

A cualificación final será o resultado de dividir a suma da valoración da proba máis a puntuación que lle corresponde por idade entre 12.

En caso de empate numérico, será elixido o aspirante de menor idade.

2.2 Superación da proba e obtención de praza

As prazas de cada unha das diferentes especialidades asignaranse segundo a cualificación final obtida polos aspirantes tendo en conta unicamente a especialidade solicitada no formulario de inscrición da proba.

No caso de que unha ou mais prazas resulten vacantes, estas serán ofertadas aos aspirantes que superasen a proba pero non obtiveran praza na especialidade instrumental solicitada inicialmente. Farase seguindo a orde establecida na lista de agarda xeral que se publicará para tal fin.